

PROCEDEMENTO: CT404F– Axudas para ampliar e diversificar a oferta cultural en áreas non urbanas Territorio Cultura

ASUNTO: Corrección de erros materiais da resolución de concesión

Antecedentes administrativos:

1. O día 18 de novembro de 2022, DOG núm.220, publicase a Resolución do 3 de novembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións para ampliar e diversificar a oferta cultural en áreas non urbanas Territorio Cultura ao abeiro dos fondos NextGenerationEU e o Mecanismo de recuperación e resiliencia do Regulamento (UE) 2021/241 e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento CT404F).
2. En data 4 de abril de 2023, o presidente do Consello Reitor de Agadic ditou resolución de concesión de ditas axudas.
3. Na resolución de concesión, na páxina 25, no Anexo V Entidades subvencionadas e importe concedido a) Categoría 1, figura como NIF da entidade ASOCIACION CULTURAL SACRA EXPERIENCE o seguinte: G32497729, no seu lugar debe figurar o NIF G01663186.

Consideracións legais e técnicas:

1. A Disposición derradeira primeira das Bases reguladoras da convocatoria faculta ao director da Axencia Galega das Industrias Culturais para que leve a cabo as actuacións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta resolución, polo que é competente para a corrección de erros materiais.
2. O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións, establece que a Administración poderá corrixir os erros materiais e aritméticos en calquera momento.



En virtude do anterior **RESOLVO:**

Corrixir o seguinte parágrafo da resolución:

Onde di:

N.º EXPEDIENTE	ENTIDADE	NIF	NOME DO PROXECTO	CONTÍA SOLICITADA	CONTÍA CONCEDIDA
CT404F 2023.C1.20	ASOCIACION CULTURAL SACRA EXPERIENCE	G32497729	ALDEA NOVA RIBEIRO-RIBEIRA	50.000,00 €	50.000,00 €

Debe dicir:

N.º EXPEDIENTE	ENTIDADE	NIF	NOME DO PROXECTO	CONTÍA SOLICITADA	CONTÍA CONCEDIDA
CT404F 2023.C1.20	ASOCIACION CULTURAL SACRA EXPERIENCE	G01663186	ALDEA NOVA RIBEIRO-RIBEIRA	50.000,00 €	50.000,00 €

Contra esta resolución non cabe recurso.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital
O director da Axencia Galega das Industrias Culturais

